



REGISTRO XERAL da Xunta de Galicia  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS  
PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA

15 XUÑ. 2011

NÚMERO

111178

ENTRADA

*Asociación para a Defensa Ecolólica de Galiza*  
Travesa dos Basquiños, 9, baixo  
15.704 Santiago de Compostela  
Tfno e fax: 981-570099  
Correo-e: [aadega@aadega.info](mailto:aadega@aadega.info)  
Páxina electrónica: [www.aadega.info](http://www.aadega.info)

**De:** ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolólica de Galiza)

**Para:** CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL (Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño)

**Asunto:** ALEGACIÓNES AO PLANO HIDROLÓXICO DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL

[REDACTED], con DNI [REDACTED], secretario executivo de ADEGA, (Asociación para a Defensa Ecolólica de Galiza), con domicilio a efectos de notificación na Travesa dos Basquiños, 9, baixo, 15704 Santiago de Compostela, no seu nome e en representación desta entidade, apresenta ao PLANO HIDROLÓXICO DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL, as seguintes,

## ALEGACIÓNES

### 1. Aspectos xerais da planificación hidrolóxica:

1.1 Baseándose nos criterios e indicadores contidos na Directiva Marco da Auga (en diante DMA) o Plano Hidrolóxico (en diante PH), coa fin de garantir o bo estado das masas de auga superficiais, debería incluir **para cada subsistema fluvial**, os seguintes instrumentos de planificación:

- a) Un Plano de Restauración dos ecosistemas fluviais e masas de auga superficiais no que atinxe aos indicadores de calidade hidromorfolóxicos, fisico-químicos e biolóxicos, coa fin de devolver o bo estado ecolóxico ás masas de auga con graves alteracións.

No caso dos cursos fluviais, este plano de restauración incidirá tamén na recuperación do réxime hidrolóxico natural e da continuidade do río, eliminando os obstáculos para permitir que as especies acuáticas migratorias teñan acceso a toda a bacia hidrográfica, ou cando menos a unha parte significativa desta. A este respecto, no PH alén de inventariar os obstáculos por tipoloxía, usos e grao de atranco, deberíase establecer como obxectivo acadar a máxima permeabilidade en todos os ríos.

**b)** Un Plano de Mellora Integral dos ecosistemas fluviais orientado á prevención da contaminación difusa provinte das actividades agrogandeiras. Nas zonas con alta incidencia destas actividades é fundamental a creación de bandas de protección e amortecemento da escorrentía nas beiras dos ríos, mediante a implantación de filtros verdes que preveñan no posíbel as afeccións causadas pola contaminación difusa provinte destas actividades.

**c)** Un Plano de Restauración de Humidais e de restauración hidrolóxico-forestal das bacías, orientado a minimizar os riscos e afeccións dos incendios forestais, optando por solucións que minimicen os arrastres e perdas de solo, contribúan a regular de forma natural as enchentes e garantan a recarga natural dos de acuíferos.

**d)** Un Plano de Saneamento dos cursos fluviais e masas de auga superficiais para conquetar depuración integral das verteduras urbanas e industriais, potenciando as alternativas de tipo natural (zonas húmidas construídas, filtros verdes e outras tecnoloxías brandas, descentralizadas e de baixo consumo) sobre os sistemas centralizados. Neste plano deberíase prestar atención prioritaria á prevención da contaminación en orixe en relación ao tratamento, fomentando tamén unha reutilización da augas máis intensa. Neste senso, os obxectivos de reutilización e os investimentos asociados (0,07 millóns de €) son claramente insuficientes.

**1.2** Alén disto, a rede de vixilancia e control do estado ecolóxico dos ríos deberá ampliarse significativamente, seguindo as recomendacións da DMA e contando coas diferentes equipas e estacións de investigación existentes en Galiza e coa colaboración dos proxectos de voluntariado ambiental nos que participación activa da cidadanía serve como elemento de vixilancia e disuasión.

**1.3** Asemade, deberá ser unha prioridade deste PH a realización do deslinde do Dominio Público Hidráulico (en diante DPH) para evitar a ocupación das zonas húmidas e chairas de inundación por actividades lesivas e incompatíbeis co mantemento das súas funcións ecosociais, e para permitir desenvolver as necesarias medidas de protección e recuperación ambiental, rematando co actual estado de improvisación e insecuridade xurídica.

## **2. Concesións hidráulicas e aproveitamentos hidroeléctricos:**

**2.1** O PH debería declarar aos ríos galegos da súa competencia como zonas libres de novos aproveitamentos hidroeléctricos, xa que estes son os responsábeis das principais afeccións aos ríos e da deterioración do seu estado ecolóxico, consonte ás análises e conclusións do propio PH, e o recolido no Preámbulo da Lei 5/2006, do 30 de xuño, para a protección, a conservación e a mellora dos ríos galegos.

**2.2** En consecuencia, o PH debería incorporar no seu apartado normativo a paralización da concesión de novos aproveitamentos hidroeléctricos acordada polo Parlamento de Galiza. Asemade, os novos aproveitamentos e modificacións dos existentes actualmente en tramitación, decaerán tras a aprobación do PH.

**2.3** Iniciar os expedientes de caducidade, revisión ou rescate dos dereitos concesionais daqueles aproveitamentos que incidan na deterioración do bo estado ecolóxico das masas de auga e impidan a consecución en prazo dos obxectivos fixados pola DMA. A finalidade deberá ser restaurar as masas de auga ao seu estado natural, incluíndo se fose necesario o desmantelamento das infraestruturas hidráulicas.

**2.4** Para as novas concesións (p. ex. captacións agrícolas, industriais e urbanas, aproveitamentos acuícolas) a administración hidráulica establecerá un procedemento de autorización en base a créditos, de xeito que cando aconteza un número determinado de incumplimentos ou non conformidades coas condicións concesionais que esgote ditos créditos, resultará a caducidade de oficio por parte do organismo xestor.

**2.5** Todas as concesións deberán axustarse periódicamente aos avanzaos científicos, adaptándose ás millores técnicas posíbeis, sen xerar dereito algúن a indemnización polo cumprimento desta obriga. Asemade, tanto as actuais como as futuras concesións deberán garantir mediante avais financeiros o cumprimento das obrigas de reposición do dominio público que conlleve a extinción da concesión.

### **3. Usos e demandas da auga:**

**3.1.** As diferentes actuacións relacionadas coa auga e os ríos basearanse nos principios de xestión da demanda, recuperación de custos e consideración da auga e os ríos como un activo ecosocial. En consecuencia deberán establecerse dotacións de recurso de referencia, atendendo a criterios de disponibilidade, eficiencia e racionalidade no uso, e compatibilidade cos obxectivos ambientais de non deterioración e recuperación do bo estado das augas. En todo caso as dotacións de referencia serán aquelas que garantan a satisfacción das necesidades básicas das persoas, non superando os 150 l/hab e día para usos domésticos urbanos, ou as que deriven da aplicación das mellors tecnoloxías disponíbeis no referido aos usos agrogandeiro e industrial. A este respecto, non se autorizarán concesións, captacións de recurso, verteduras ou calisquer outro uso que supere as dotacións de referencia ou poida causar efectos negativos no medio fluvial.

**3.2** A xerarquía de usos proposta neste PH está distorsionada no tocante á preferenza destes. Entendemos que os aproveitamentos hidroeléctricos, dada a súa alta incidencia na degradación da calidade ecolóxica dos ríos non deberían antepoñerse a outros, particularmente aos ecosociais (mantemento do equilibrio dos ecosistemas, amortecemento dos efectos do cambio climático, usos recreativos, culturais, etc.) que benefician a toda a sociedade e teñen maior potencial para xerar valor engadido e emprego.

**3.3** Portanto, coerencia coas directrices da DMA e as esixencias de protección e conservación do recurso e o ecosistema (que ten como punto de partida, mais non suficiente, o caudal ecolóxico) e atendendo á particular situación das bacias galegas,

sobreexplotadas e degradadas polos aproveitamentos hidroeléctricos, popoñemos a seguinte orde de preferenza de usos no PHGC:

- Abastecemento da poboación.
- Usos ambientais.
- Usos agrarios e agrogandeiros.
- Usos industriais agás produción de enerxía eléctrica.
- Usos recreativos e culturais.
- Usos acuícolas.
- Navegación e transporte acuático.
- Usos relacionados coa produción de enerxía eléctrica.
- Outros aproveitamentos.

**3.4 Usos mineiros.** No artigo 51.1 da Normativa, deberiase eliminar a referencia á “xustificación motivada” para a ocupación do DPH por parte das actividades mineiras. Consonte a isto, a minaría a ceo aberto non deberá desenvolverse en ningún caso dentro do DPH e a zona de policía de augas. Asemade, no punto 2 deste mesmo artigo, deberianse eliminar as referencias á autorización “excepcional” de vertedoiros e entulleiras no DPH e zona de policía, de xeito que en ningún caso permítase a ocupación destas áreas polas verteduras e materiais procedentes da actividade mineira.

**3.5. Usos agrícolas.** En zonas cun consumo intensivo de auga destinada a regadio nas que se produce un déficit de auga superficial e subterránea para satisfacer as fortes demandas agrarias (por exemplo na bacía d'A Limia), o PH debería propoñer, alén de medidas de modernización de regas, xestión do consumo e similares, a limitación daqueles cultivos ou acticvidades agrogandeiras máis demandantes de auga.

#### **4. Caudais ecológicos:**

**4.1** O réxime dos novos caudais ecológicos deberá atender aos requerimentos da DMA, estar definido específicamente para cada sistema fluvial como mínimo incluir:

- a) Determinación dos caudais mínimos que deben ser superados, e a súa temporalización.
- b) Determinación dos caudais máximos que non deben ser superados, e a súa temporalización.
- c) Determinación dos caudais de enchente, avenida habitual ou xerador de leito augas abajo das infraestruturas de regulamento.
- d) Taxa de cambio máxima, augas abajo das infraestruturas de regulamento.

**4.2** Todas as concesións existentes deberán adaptarse aos novos caudais ecológicos establecidos específicamente para cada sistema fluvial en base ás novas determinacións que incorporen as directrices da DMA denantes de 2015.

**4.3** A administración vixiará o cumprimento dos caudais ecológicos establecidos para cada aproveitamento através de sistemas de control e verificación con cargo ao concesionario. Os datos resultantes das medicións terán carácter público e o acceso será libre e gratuito, por canto o concesionario realiza un uso privativo dun recurso público.

O incumprimento dos caudais ecolóxicos carrexará de oficio a declaración de caducidade da concesión.

## **5. Zonas húmidas de interese natural e a protección integral dos ecosistemas húmidos:**

**5.1** A proposta de declarar 7 masas de auga como Reservas Naturais Fluviais contida neste PH é manifestamente insuficiente atendendo ao número, diversidade e representatividade das masas de auga na demarcación. Xa no primeiro inventario dos humedais galegos presentado pola administración en 2007, superábanse os 1100. Por iso, os espazos húmidos protexidos debarán abranguer, alén dos cursos fluviais e augas libres, outros hábitats coa consideración de humidal (por exemplo as turbeiras) así como os bosques de cabeceira e ribeira, polo seu papel regulador da recarga. As reservas naturais fluviais e os humedais protexidos xestionarianse cos mesmos criterios que os espazos integrados na Rede Natura 2000, isto é, mediante a redacción dun Plano Director e de Planos de Conservación/Xestión e coa participación pública através de organismos específicos.

**5.2** O PH elaborará un documento de referencia que catalogue e cuantifique a biodiversidade fluvial, con vistas ao desenvolvemento de estratexias de conservación e planos de recuperación dos ecosistemas acuáticos. Asemade, as especies ameazadas vencelladas ás masas de auga e os organismos exóticos e invasores serán obxecto de planos de conservación/recuperación e control/erradicación, respectivamente. Neste senso, o PH debería contemplar a posta en marcha, en colaboración coa administración ambiental galega, daqueles planos de xestión (conservación/recuperación) das especies ameazadas xa rematados, en fase de redacción ou licitados, para os seguintes taxóns vencellados aos humedais e aos seus hábitats: auganeira (*Galemys pyrenaicus*); escribenta das canaveiras (*Emberiza schoeniclus* subsp. *lusitanica*); salamántiga rabilonga (*Chioglossa lusitanica*); estroza (*Hyla arborea*); sapo de esporónns (*Pelobates cultripes*); ra patilonga (*Rana iberica*); ra vermelha (*Rana temporaria* subsp. *parvipalmata*); esgonzo ibérico (*Chalcides bedriagai*); mexilón de río (*Margaritifera margaritifera*) e caranguexo de río autóctono (*Austropotamobius pallipes*).

## **6. Participación cidadá, educación e voluntariado ambiental**

**6.1** O PH deberá contar un plano de Educación Ambiental (en diante EA) relacionado cos usos doméstico, industrial e agrogandeiro de auga, priorizando a redución no consumo de auga e a prevención da contaminación, acordo coas liñas e pautas definidas na Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA), co obxectivo final de contribuir acadar unha nova cultura da auga.

**6.2** O PHGC deberá incluir un Plano de Voluntariado Ambiental en ríos, para favorecer a participación activa da cidadanía na conservación e mellora dos ecosistemas fluviais.

**6.3.** Tamén no tocante á EA, prestarase atención á problemática das especies invasoras, elaborando un plan de concienciación dirixido tanto ao público en xeral como a sectores chave, entre os que se atopan o turismo, comercio, transporte, etc.

**6.4** A administración hidráulica garantirá a participación efectiva da cidadanía tanto nos procesos de elaboración dos planos hidrolóxicos, de bacía e sectoriais relacionados coa xestión da auga, como nos procesos de autorización de cada infraestructura, plano, programa ou proxecto. Arbitraranse vías para a participación efectiva das poboacións locais na toma de decisión sobre proxectos que afecten ao seu territorio, incluído o dereito a referendo.

## **7. Planificación económica e orzamentos:**


**7.1.** Todos os planos, instrumentos de planificación e xestión hidrolólica e medidas propostas nos apartados anteriores deberán contar cunha partida orzamentaria propia e unha memoria económica que detalle e temporalice os investimentos, incluido o financiamento da extinción ou recuperación das concesións responsábeis de graves alteracións en moitos sistemas fluviais e que non poidan conquerirse mediante expedientes de caducidade.

**7.2** O deslinde do PH deberá contar cunha partida orzamentaria propia e unha axeitada temporalización de xeito que esté completado no horizonte de aplicación da DMA.

**7.3** Tanto o Plano de Educación Ambiental como o de Voluntariado Ambiental propostos nos puntos 6.1 e 6.2 deberían contar cun orzamento moi superior ao cuantificado no PH baixo o epígrafe xeral de “actuacións de educación ambiental e voluntariado”: apenas 0,97 millóns de € para o periodo 2011-2015, un 0,15 % dos investimentos totais (612 M€) no apartado dos custos ambientais. Propoñemos como cifra de referencia para as actuacións de voluntariado e EA o 0,7% do total dos investimentos neste apartado.

Por todo o anteriormente exposto, ADEGA SOLICITA que se teñan en conta as alegacións apresentadas na redacción definitiva do PLANO HIDROLÓXICO DA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2011



**SR. PRESIDENTE DA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA MIÑO-SIL**